

MARTES 5 XANEIRO 17:00 H
PAVILLÓN MUNICIPAL

CABALGATA DE REIS

As súas maxestades recibirán a tódolos nenos/as no Pavillón de Cabana de Bergantiños. A partir das 17:00 da tarde. Recordade traer as cartas reais, para que veñan os reis cargados de ilusión e agasallos.

Previsión de horarios para manter a distancia social e aforos. Adoptaranse tódalas medidas de seguridade protocolarias da COVID-19.

Nenas e nenos de:

Borneiro e Cánduas: 17.00 h no pavillón para ver aos reis.

Riobó, Nantón, Anos: 17.45 h no pavillón para ver aos reis.

Cundíns, Corcoesto, Silvarredonda e o Esto: 18.30 h no pavillón para ver aos reis.

Cesullas: 19:15 h no pavillón para ver aos reis.

Actividade con aforo limitado.

MÉRCORES 6 XANEIRO

VISITA POR CABANA DE BERGANTIÑOS

CABALGATA DE REIS EN TREN

Pola mañá

11.00 h. Igrexa de BORNEIRO

12.00 h. Igrexa de CANDUAS

13.00 h. Igrexa de CESULLAS

14.00 h. Taberna de ANOS

Pola tarde

15.15 h. Igrexa de CUNDÍNS

16.15 h. Igrexa de NANTÓN

17.00 h. Taberna da Mata (RIOBÓ)

17.40 h. Igrexa de CORCOESTO

18.15 h. SILVARREDONDA

19.00 h. Taberna de BERES

19.15 h. Campo da festa do ESTO

19.45 h. Praza de NEAÑO



NADAL CULTURAL

CABANA DE BERGANTIÑOS

2020-2021

Con ilusión e optimismo o Alcalde, a corporación municipal e mailos traballadores do concello de Cabana de Bergantiños deséxanlles un

Bo Nadal e un Feliz 2021

CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE
HORARIOS VISITAS GUIADAS
TEMPADA INVERNO
VENRES a DOMINGO: 10:30 a 14:00h e de 16:00 a 18:30 h



O Concello de Cabana de Bergantiños levará a cabo tódalas actividades, sempre que a normativa vixente polas autoridades competentes o permita. En todo momento manteranse os protocolos necesarios (aforos permitidos, distancia de seguridade, mascarilla e hixiene de mans con xeles hidroalcohólicos...)

Tódalas actividades estarán suxeitas ás medidas restrictivas pola COVID-19 polo que en calquera momento poderá haber variacións.



XOVES 17 DECEMBRO 10:40 H / 12:05 H (Dous Pases)
AUDITORIO MUNICIPAL

ROSALÍA " O LUGAR ONDE MEDRAN AS POETAS"

Alumnado de primaria

Rosalía de Castro volve a Padrón e atópase coa nena inqueda e rebelde que un día foi. Esta Rosalía é un canto á imaxinación, unha obra de muller pensada para nenas e nenos de Primaria, por unha equipa de mulleres intensamente vencelladas ao teatro para espectadoras e espectadores que viven no país da infancia.

SÁBADO 19 DECEMBRO 17:00 H
CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE

MIGALLAS TEATRO: "Merenda con pan de millo"

"Merenda con pan de millo" é un espectáculo de pequeno formato baseado no libro-disco "Pan de millo", editado pola Editorial Kalan-draka e coa produción musical a cargo de Paulo Nogueira e Magoa Bodega, do grupo Treixadura. Nel combínanse cancións e narración oral, co proceso de elaboración do pan de millo como fio condutor. Os temas musicais que se interpretan son: "Pinocho", Pan de millo, O piollo e a pulga "Unha vella tiña un can", "Que cousa, cousiña é?" e "Miña "Abuela Manuela". A música está gravada (toca unha banda de pulgas) mais as voces solistas son en vivo.



Actividade con aforo limitado. Por orde de chegada ata cubrir prazas.

DOMINGO 20 DECEMBRO 17:00 H
CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE

ANXO MOURE "CONTACONTOS"

Unha aventura dun vello druida no Dolmen de Dombate cabalgando a lomos do cabaliño Salgueirovix para levar as nenas e nenos a coñecer a orixe dos bosques, coñecendo historias máxicas.



Actividade con aforo limitado. Por orde de chegada ata cubrir prazas.

LUNS 21 DECEMBRO 18:00 H
PRAIA DO PENDÓN

"ABRAZANDO O NADAL"

Coincidindo co solsticio de inverno, dende a praia do Pendón daremos a benvinda ao Nadal.

Coa actuación do **GRUPO ASACOCIRCO**, un espectáculo de lume con todo tipo de acrobacias.

A continuación contaremos coa participación da cidadanía para facer unha ofrenda de luz acompañados da actuación musical do **DÚO CAAMAÑO - AMEIXEIRAS**.



Necesaria inscrición previa no tlf. do Concello de Cabana de Bergantiños: 981754020. Departamento de Cultura.

28-29-30 DECEMBRO 10:00 a 14:00 H
Grupos reducidos

CAMPAMENTO DE NADAL

Finalidade formativa e didáctica: de actividades lúdicas, culturais, ambientais e de obradoiros didácticos. Na Casa da Cultura e no Auditorio Municipal.

Prazo de inscrición: do 9 ao 23 de decembro, no Concello coa Educadora Familiar.

Idades: Alumnado dende 2º de infantil ata 6º de primaria

LUNS 28 DECEMBRO 17:00 H
CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE

RILO & PENABIKE "A formiga no carreiro"

A nova proposta do dúo Rilo & Penabike convidanos a unha viaxe polas terras da lusofonía para contar, cantar, bailar e brincar cos contos de tradición oral e a música.

Actividade con aforo limitado. Por orde de chegada ata cubrir prazas.

MARTES 29 DECEMBRO 17:00 H
CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE

O CAPITÁN GARFO: Cociñando con música


É unha proposta individual dun dos membros dos Tres Tenedores, un espectáculo que mestura a música en directo coa electrónica e cos xogos e a participación do público. Un espectáculo dirixido a un público familiar e infantil, entre os 4 e os 12 anos.

Actividade con aforo limitado. Por orde de chegada ata cubrir prazas.

30 DECEMBRO - 20 XANEIRO
CENTRO ARQUEOLÓXICO DOLMEN DE DOMBATE

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA CEDIDA POR CÁNTIGAS DA TERRA "BARCOS MERCANTES-PATACHES FEITOS NA RÍA DO ANLLÓN"

Unha ollada á construción nos nosos estaleiros.



Actividade con aforo limitado.

DOMINGO 3 XANEIRO 17:00 H
AUDITORIO MUNICIPAL

CONCERTO DE NADAL do grupo MAMÁ CABRA

MAMÁ CABRA
en concerto



Actividade con aforo limitado.
Por orden de chegada ata cubrir prazas.

CONCURSOS DE NADAL

CONCURSO "CREA A TÚA POSTAL DO NADAL"

Mándanos a túa postal do nadal. Sen límite de idade.

CONCURSO "CANTAR E CONTAR"

Concurso de panxoliñas e cantos de Nadal sen límite de idade. Cántanos o teu villancico ou canción de nadal favorita. Duración máxima 2 minutos

Concurso de contacontos sen límite de idade. Duración máxima: 2 minutos. Cántanos por exemplo: Cómo é a túa casa no Nadal. ¿É diferente ao resto do ano?

Cómo participar

• Mándanos unha postal do nadal, un vídeo coa túa panxoliña e un conto.

• Pódense enviar a través de whatsapp ao tlf (609212230) ou por correo electrónico a cultura.concello@gmail.com, ou entregar no Concello de Cabana de Bergantiños nun lapis de memoria.

A ter en conta

• Entrarán no concurso tódolos vídeos e postais que nos cheguen **antes do mércores 30 de decembro 2020**.

• Os gañadores levarán unha cesta de nadal.

BASES OFICIAIS NA WEB: www.cabana.gal